



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONTRATO DENOMINADO “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PANTALLA LED VIDEOMARCADOR NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA”, COFINANCIADO CON CARGO AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

De conformidade co disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretendan cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O punto 2 establece aquelas competencias que o municipio exercerá, en todo caso, como propias. O obxecto do presente contrato enmárcase dentro da competencia municipal de:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación	
b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas	





c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais	
d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade	
e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social	
f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios	
g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano	
h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.	
i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante	
j) Protección da salubridade pública	
k) Cemiterios e actividades funerarias	
l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre	X
m) Promoción da cultura e equipamentos culturais	
n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial	
ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións	
o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero	

Así mesmo, o artigo 26.1 establece os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, incluíndo, para aqueles de máis de 20.000 habitantes, o de instalacións deportivas de uso público (apartado c).





No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c).

Ademais, o artigo 86.1 da citada Lei 5/1997, contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas citando, entre outras, en particular: cultural, xuventude e deporte (apartado b).

Esta competencia xenérica complétase co disposto no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril de deporte de Galicia, que recolle como competencias dos municipios, entre outras, a seguinte: *“(...) Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades”*.

NECESIDADE E OBXECTO DO CONTRATO

O concello de Vilagarcía de Arousa, co fin de seguir mellorando as instalacións deportivas municipais e propiciar a celebración de diversos eventos nas mesmas, está impulsando unha serie de actuacións e iniciativas destinadas a aumentar a funcionalidade destas instalacións deportivas municipais ao tempo que asegura o seu bo mantemento e o fomento de hábitos saudables na poboación.

O Campo de Fútbol de A Lomba foi obxecto, recentemente, dunha completa renovación da súa iluminación, coa que se conseguiu acadar os estándares esixidos para a celebración de partidos na categoría de segunda RFEF, así como a mellora da súa eficiencia enerxética.

Para continuar con esta renovación do referido campo de fútbol e a súa adaptación ás esixencias dos espectáculos deportivos de alta competición, foi redactado polo Director de Actividades Deportivas do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Juan Miguel Doval Blanco, documento que inclúe as prescricións técnicas para a adquisición dunha pantalla LED videomarcador, o equipamento e software para a súa utilización, así como a instalación e posta en funcionamento no Campo de Fútbol de A Lomba.

Por tanto, mediante o contrato obxecto da presente memoria, propónse a subministración e instalación dunha pantalla LED videomarcador no citado campo de fútbol para que se consiga mellorar estas instalacións no marco dos estándares recoñecidos para a práctica do fútbol alto





nivel, ao tempo que se favoreza a práctica deportiva e a asistencia de público aos eventos que nel se realicen.

De conformidade co indicado nas prescricións técnicas anteriormente referenciadas, o videomarcador a subministrar será unha pantalla de última xeración que permita a súa instalación en calquera espazo dedicado a eventos deportivos, tanto indoor como outdoor. O adxudicatario deberá realizar, así mesmo, a instalación dos módulo da pantalla, conxicionado ao cableado de datos e posta en funcionamento do videomarcador, cuxas especificacións técnicas mínimas son:

- Videomarcador cun tamaño mínimo de 13m²
- Pantalla LED de última xeración, que podan ser usada en espazos deportivos tanto exteriores como interiores (con protección para exterior)
- Deberá contar coa acreditación “Etiqueta CE”.
- Tecnoloxía que permita un amplo ángulo de visión
- Pantalla que permitan o seu uso tanto como marcador deportivo, como pantalla de soporte audiovisual informativa ou publicitaria.

Ademais, o modelo de pantalla LED ofertado debe incluír os seguintes elementos:

- PC de control
- Software necesario para o seu uso e manexo
- Controladora dual con HDMI para uso como marcador ou pantalla publicitaria
- Cámara Full HD para vixilancia da pantalla

O soporte e mantemento do sistema ofertado (pantalla, consolas, software, etc) será de dous anos a contar dende a firma da acta de recepción positiva.

Para o financiamento do investimento para “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA PANTALLA LED VIDEOMARCADOR NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA”, foi outorgada mediante Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de 27 de marzo de 2024, subvención por importe de 21.955,01€, con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.





DURACIÓN DO CONTRATO

A subministración, instalación e posta en marcha da pantalla deberá producirse nun prazo máximo de 1 mes, a partir da firma do contrato, no Campo de Fútbol de A Lomba (Avenida de Matosinhos, Vilagarcía de Arousa).

MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

En relación coa división en lotes do obxecto do contrato, o Director de Actividades Deportivas do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Juan Miguel Doval Blanco, indica no Prego de Prescricións Técnicas, o seguinte:

“De conformidade co recollido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, poderá non dividirse en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente.

No presente caso, non procede a división do contrato en lotes, debido a que a execución dos traballos incluídos no obxecto do contrato por diferentes adxudicatarios dificultaría a correcta execución do mesmo, pois trátase de subministro e instalación dunha pantalla, ambas tarefas interdependentes.

Por tanto, para unha eficaz execución do contrato, así como pola propia natureza do obxecto do mesmo, imposibilitase a división en lotes do presente contrato e a consecuente execución por diferentes contratistas.”

Por tanto, para unha eficaz execución do contrato, así como para asegurar a correcta execución dos traballos obxecto do mesmo, de conformidade co indicado polo redactor do Prego de Prescricións Técnicas, imposibilitase a división en lotes do presente contrato e a consecuente execución por diferentes empresas adxudicatarias.





PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O contrato obxecto da presente memoria xustificativa de necesidade cualifícase como un contrato de subministro, de acordo co disposto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para a adquisición de produtos ou bens mobles.

O valor estimado do contrato é inferior ao límite de 221.000 € establecido no artigo 21.b) en relación co artigo 19 da LCSP, non estando suxeito a regulación harmonizada.

A adxudicación do contrato denominado “Subministro e instalación dunha pantalla Led videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba” realizarase mediante procedemento aberto simplificado de acordo co artigo 159 da Lei 9/2017, cunha pluralidade de criterios en base á mellor relación calidade-prezo que permitan obter uns subministros de gran calidade, que respondan o mellor posible ás necesidades anteriormente expostas.

En relación cos criterios de adxudicación, conforme á Lei de Contratos do Sector Público e ao previamente indicado, a adxudicación realizarase sobre a base dunha pluralidade de criterios, de acordo coa seguinte ponderación:

Criterios de adxudicación

As ofertas dos licitadores valoraranse ata un máximo de 100 puntos, conforme ós criterios obxectivos de adxudicación, de acordo coa seguinte ponderación:

A.- Aspectos avaliados automaticamente: Valoraranse ata un máximo de **100 puntos**.

A-1) Menor prezo ofertado polo licitador: Valorarase ata **20 puntos**.

A puntuación calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = \frac{(\text{prezo licitación} - \text{oferta a valorar}) \times \text{puntuación máxima}}{(\text{prezo licitación} - \text{oferta máis económica})}$$





A-2) Melloras ofertadas polo licitador avaliadas automaticamente: Valoraranse ata 80 puntos.

A-2.1) Aumento do prazo de garantía, soporte e mantemento, sobre o establecido nos pregos que rexe a licitación (2 anos): Valorarase ata un máximo con **40 puntos** distribuídos do seguinte xeito: Por cada ano ofertado a maiores outorgaranse 20 puntos.

Este criterio de adxudicación terá o carácter de **condición especial de execución** do contrato, polo que no caso de que o licitador incumpra a súa oferta dará lugar á imposición de **penalidades** previstas na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A-2.2) Redución do prazo de execución en 15 días: Valorarase con **40 puntos** a oferta que presente esta mellora.

Este criterio de adxudicación terá o carácter de **condición especial de execución** do contrato, polo que no caso de que o licitador incumpra a súa oferta dará lugar á imposición de **penalidades** previstas na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Xustificación das fórmulas elixidas:

Preténdese que a oferta que presente o prezo máis baixo obteña a máxima puntuación, a que oferte o prezo de licitación cero puntos, e o resto das ofertas unha puntuación proporcional ó prezo ofertado.

As melloras ofertadas polo licitador non terán, en ningún caso, repercusión económica no prezo do contrato, pasarán a formar parte do contrato e non poderán ser obxecto de modificación.

Os criterios de adxudicación anteriormente reflexados, que rexerán a licitación do contrato de referencia de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, teñen como obxectivo a consecución dun subministro coa mellor relación calidade-prezo.

No caso de que dúas ou máis ofertas se atopen igualadas unha vez aplicados os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, o empate resolverase mediante a aplicación do criterio de desempate contidos no art. 147.2 da LCSP, sempre que os licitadores presentaran a documentación acreditativa correspondente a requirimento da administración.





SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCIERA E TÉCNICA OU PROFESIONAL

Os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica, financeira e técnica.

1. Solvencia económica e financeira:

A solvencia económica e financeira acreditarase por algún dos dous medios seguintes:

- Presentación das contas anuais correspondentes ós últimos 3 anos, aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no Rexistro Oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil presentaran os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- Declaración do empresario indicando o volume anual de negocios global da empresa correspondente ós últimos 3 anos, acompañada de copias das correspondentes declaracións-resumo anuais do Imposto sobre o valor engadido (IVE) (mod. 390) ou, en caso de estar exonerado de presentar o resumo anual, as auto-liquidacións do IVE correspondentes ó último período de cada ano (mod. 303), presentadas, en ámbolos dous supostos, na Axencia Tributaria.

Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira se cumpre algún dos seguintes criterios:

- a) Se das contas anuais se deduce que o volume anual de negocios do licitador, que referido ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é cando menos unha vez o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano. Por cifra volume anual de negocios debe entenderse o importe neto da cifra de negocios que figura na conta de perdas e ganancias dos modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil.

No presente contrato o volume anual de negocios deberá ser cando menos de 18.144,64€.





- b) Se das contas anuais se deduce que o patrimonio neto da empresa, ou ben a ratio entre activos e pasivos, ó peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais é cando menos de:

1.814,46 € de patrimonio neto mínimo (10% do valor estimado do contrato).

En todo caso, o patrimonio neto das sociedades mercantís non poderá ser inferior ó mínimo legalmente establecido na lexislación mercantil (art.363 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital) para non incorrer en causa de disolución.

A ratio entre activos e pasivos é superior a 1,5.

A ratio entre activos e pasivos será o resultado de dividir o activo total entre o pasivo total.

- c) Se das declaracións-resumo anual do IVE ou das auto-liquidacións do IVE correspondentes ó último período de cada ano se deduce que o volume anual de operacións do licitador, referido ó ano de maior volume de operacións dos tres últimos concluídos é como mínimo unha vez o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

No presente contrato o volume anual de operacións deberá ser cando menos de 18.144,64€

2. Solvencia técnica y profesional:

A solvencia técnica e profesional acreditarase por algún dos dous medios seguintes:

1. Mediante a presentación dunha relación dos principais subministros realizados polo licitador, de igual ou similar natureza que os que son obxecto da presente licitación, executados nos últimos tres anos, que inclúa importe, datas e o destinatario (público ou privado) dos mesmos. Dita relación conterá un mínimo de 5 subministros e un máximo de 10.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a





falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Considerarase solvente tecnicamente o licitador que acredite ter realizado, nos últimos tres anos, subministros de igual ou similar natureza ós que son obxecto da presente licitación, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% da anualidade media do contrato.

Na presente licitación o importe anual acumulado no ano de maior execución deberá ser igual ou superior a 12.701,25€ (sen IVE) ou 15.368,51€ (IVE inc.).

Para determinar a correspondencia entre os subministros executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, atenderase á igualdade entre os tres primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

2. Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

Esíxese cando menos un profesional que conte coa seguinte titulación:

- grado ou máster en enxeñería industrial ou titulación equivalente.

Xustificación dos criterios de solvencia económica e financeira e técnica elixidos:

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica elixidos pretenden que exista a maior concorrencia posible e favorecer a presentación de ofertas por parte das pemes e empresas de nova creación.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 18.144,64€, que coincide con orzamento base de licitación sen IVE, o cal se establece en 21.955,01€ (IVE engadido), distribuído do seguinte xeito:





Concepto	UD	Importe
1 Pantalla LED videomarcador e elementos necesarios para o seu uso (ordenador, controladora dual, cámara de videovixilancia...)	1	15.719,64 €
Instalación, montaxe, posta en funcionamento da pantalla e conxionado a fibra óptica	1	2.425,00 €
IMPORTE TOTAL (SEN IVE)		18.144,64 €
IVE 21%		3.810,37€
IMPORTE TOTAL (CON IVE)		21.955,01€

Co que antecede se entende xustificada a necesidade do contrato de referencia.

O concelleiro de Deportes

Carlos Coira Lojo
(asinado electronicamente)

